

# A COMPOSICIÓN MUSICAL FEMININA NO BARROCO



CANTAR DELAS

<https://www.cantardelas.com>

## BARROCO



O s. XVI en Europa caracterízase polos movementos reformadores, as guerras relixiosas, o establecemento das monarquías absolutas e o xurdimento das igrexas nacionais.

Xorde unha auténtica unión entre o espírito barroco e a Contrarreforma, primeiro en Italia, logo no resto de Europa.

Como noutros campos do saber, as mulleres tiveron difícil consagrarse á composición musical como actividade principal da súa existencia.

Tres son os ámbitos favorables para a composición feminina no Barroco :

- O lecer, accesible unicamente para as damas da corte antes do matrimonio e excepcionalmente cando o seu rango superaba o do esposo.
- A vida relixiosa mediante os votos conventuais nos que as irmás músicas debían ter a punto obras destinadas a solemnizar as celebracións relixiosas da súa comunidade.
- A difícil profesionalización que facía que a maioría optase por casar cun músico e traballar conxuntamente. Deste xeito, unha muller con calidades musicais extraordinarias, lograba do seu patrón un contrato que incluía normalmente un marido músico que acataba a condición profesional da muller compositora.

## FRIEDERIKE SOPHIE WILHELMINE ( Berlín 1709- Bayreuth 1758)



Filla do rei Federico Guillermo I de Prusia e de Sophia de Hannover, irmá e confidente de Federico II o Grande.

Desde nena tivo grande interese polas artes e a literatura. Tocaba o laúde con virtuosismo, compoñía e interpretaba música para os concertos que se celebraban na corte. Casou co herdeiro de Frederick de Brandeburgo-Bayreuth. Co paso do tempo fundou a Universidade de Erlangen,

construíu o novo teatro da ópera e recuperou o antigo. Con estas reformas fixo de Bayreuth un dos centros intelectuais do Sacro Imperio Románico.

Rodeouse de afamados compositores e invitou a mestres de ópera mentres ella seguía compoñendo a música para os concertos nos teatros na corte. Co desencadeamento da Guerra dos Sete Anos tivo que abandonar as súas aspiracións artísticas para dedicarse ata a súa morte á diplomacia sendo embaixadora no sur de Alemaña representando a seu irmán xa rei Federico II o Grande

Obra: *Der Mensch*, ópera (1754) seis arias. *Argenón* ópera italiana (desaparecida). *Concerto para clavicémbalo en sol maior*.

<https://youtu.be/AuvbUkoEdM>

### CHIARA MARGARITA COZZOLANI (Milán 1602 – 1677)



De familia adiñeirada dedicada á artesanía e ó comercio en Milán. Ingresou ós 17 anos no convento beneditino de Santa Radegonda. Foi abadesa e priora nos anos en que o arcebispo Afonso Litta quería limitar a práctica musical das monxas e o contacto co mundo exterior.

Publicou catro «opere» e unha misa pascual. A súa obra máis coñecida son as súas *Vísperas*

[https://youtu.be/On0BsRMX\\_Bk](https://youtu.be/On0BsRMX_Bk)



### ISABELLA LEONARDA (Novara 1620 - 1704)



É a compositora máis prolífica do s. XVII. Case 200 obras conforman un corpus que inclúe practicamente todos os xéneros sacros da época. Destacamos o seu libro de sonatas, as primeiras publicadas por unha muller.

<https://youtu.be/ISKkgINwQEU>

### FRANCESCA CACCINI “La Cecchina” (Florenxia 1587–1641)



Na Florenxia dos Medici Francesca converteuse na música mellor pagada da corte. Intérprete de harpa, laúde, tiorba, clave e creou a súa propia escola de canto.

Autora de cinco óperas, entre elas *La Liberazione di Ruggiero del Isola d’ Alsina* (1625), considerada a primeira ópera composta por unha muller na historia da música, ademais de obras vocais, relixiosas e instrumentais.

Con 31 anos publica *Il Primo libro de le Musiche* no que reúne trinta e seis cancións para solistas ou dúos de sopranos e baixo continuo. Ela mesma escribe as letras para as súas cancións.

<https://youtu.be/3NmkQF5wKKY>

## BÁRBARA STROZZI (Venecia 1619 – Padua 1677)



No remate do s. XVI Venecia reunía nas *accademie* intelectuais para debater sobre filosofía, música ou literatura. Giulio Strozzi, pai de Bárbara, formaba parte destes círculos e a súa filla participaba nos concertos que se realizaban.

O virtuosismo de Barbara leva o seu pai a fundar unha academia para ela en 1637, A Accademia degli Unisoni.

*Il Primo libro de madrigali* (Venecia, 1644) é a primeira das 8 publicacións que conforman o corpus de Strozzi. A forma musical predominante é a cantata.

<https://youtu.be/aDBPfhG-gVk>

## AS PRIMADONNAS




Leonora Baroni

No período barroco é cando naceu o xénero operístico e con el as primadonnas, virtuosas do canto que se converteron en obxecto de admiración extremo que ademais compoñían ou completaban obras xa que a partitura era habitualmente unha guía de interpretación nas que as cantantes debían adornar as súas arias.



Destacan Andreana Baroni (1580-1640) e as súas fillas Leonora e Catterina. As Baroni son paradigma deste fenómeno, a súa fama chegou a tal punto que lograron o recoñecemento artístico e social sen que unha figura masculina dirixise as súas vidas e chegaron a actuar en toda Europa.

### ELISABETH JACQUET DE LA GUERRE (París 1665 – 1729)




Destacou como nena prodixio. Ós cinco anos entrou en contacto coa corte versallesca onde ofrece ó Rei Luís XIV un concerto de clave.

As *Cantates françoises* (1715) adaptan as formas cantata e sonata italianas á linguaxe musical e idiomática francés

<https://youtu.be/duzKJpeT2TE>

### LEONORA DUARTE (1610- 1678)



Compositora e intérprete de familia xudeo-portuguesa que naceu e viviu en Amberes a onde chega a súa familia fuxindo da Inquisición. Crese que foi a primeira muller en escribir música para *consort* de violas de gamba. O *consort* é unha formación renacentista que reunía instrumentos de diferentes tamaños da mesma familia. Compuxo sete sinfonías.

<https://www.youtube.com/watch?v=xhQzeZklqoQ>

## Bibliografía

<https://musicaescripormujeres.wordpress.com/category/renacimiento/>

<https://www.inmujeres.gob.es/areasTematicas/AreaEducacion/MaterialesDidacticos/docs/CreadorasMusica.pdf>